

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 22 DE OUTUBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil dezoito, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, escusando a súa asistencia a concelleira do PP D^a. María Carmen Insua Cabanas. A concelleira do PSdeG-PSOE D^a. María Begoña Balsa Alonso incorporase á sesión plenaria no debate do punto 9º da orde do día, cando son as doce horas e trinta e cinco minutos. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^o. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30/07/2018

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade de asistentes (11) procede á aprobación da citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA 9/2018 E 10/2018

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía 9/2018 e 10/2018, copias dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS MUNICIPAIS, MANTEMENTO E LIMPEZA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E INSTALACIÓNS ANEXAS, E CONTROL DE ENTRADA

O Pleno coñece do expediente que se segue para a adxudicación deste contrato mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada por razón da contía, regulándose polo prego de prescricións técnicas e polo prego de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno en sesión celebrada o día 30/07/2018.

Figuran no expediente as actas das sesións celebradas pola Mesa de Contratación, en concreto as correspondentes aos días: 17/09/18 (apertura da documentación administrativa, 19/09/18 (apertura das ofertas económicas) e 09/10/18, na que se propón a adjudicación do contrato e na que consta o seguinte:

“Este órgano, en sesión celebrada el día 17/09/18, procedió a la apertura de los sobres electrónicos accediendo, desde el ordenador del servicio de contratación, al perfil de contratante que esta entidad local tiene alojado en la Plataforma de Contratos del Sector Público y, una vez examinada la documentación administrativa, acordó admitir las 2 ofertas presentadas.

Esta Mesa, en sesión celebrada el día 19/09/18, en acto público, procedió a la apertura de los sobres electrónicos presentados por las dos empresas que participan en este procedimiento de adjudicación y acordó trasladarlas a informe de valoración de los Servicios Técnicos del Ayuntamiento.

Conoce seguidamente la Mesa del informe de valoración de ofertas que se transcribe, emitido el día 03/10/18 por el Arquitecto municipal:

ASUNTO:	<p>Informe dos SS.TT. Municipais referido a AVALIACION DAS OFERTAS ECONOMICAS para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS E LOCAIS MUNICIPAIS, MANTEMENTO E LIMPEZA DO PABELLON POLIDEPORTIVO E INSTALACIONES ANEXAS, E CONTROL DE ENTRADA</p> <p>Data: 2/Outubro/2018</p>
----------------	--

En resposta á solicitude formulada, vista a documentación que se achega coa mesma, o Arquitecto Municipal que subscribe emite o seguinte:

INFORME:

Achéganse as propostas das empresas participantes no procedemento aberto cun único criterio de valoración *-factor prezo-* e cun tipo máximo de licitación, antes de impostos, de **869.539,35 € para un prazo de execución de 5 anos, 173.907,87 €/ano**, e que se relacionan de seguido:

	LICITADOR	PREZO		
		SEN IVE	IVE	CON IVE
1	ACCIONA FACILITY SERVICES S.A.	170.522,84 €	35.809,80 €	206.332,64 €

2	CLN SERVICIOS INTEGRALES S.L.	160.295,08 €	33.661,97 €	193.957,05 €
---	-------------------------------	--------------	-------------	--------------

Segundo a acta da mesa de contratación, ningunha das empresas concorren vencelladas

CALCULO DO VALOR DA BAIXA DESPROPORCIONADA OU ANORMAL e PUNTUACION.

A determinación das empresas que incorren en situación de baixa desproporcionada ou anormal e da puntuación asignada a cada unha das ofertas económicas obtívose da aplicación do programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación da Coruña, puntuando (*para este caso concreto*) sobre un máximo de 10,00 puntos a mellora da oferta económica sobre do tipo máximo de licitación.

A tal efecto, e para o caso que nos ocupa (2 ofertas) considerárase que as ofertas resultan con valores anormalmente baixos se unha delas é inferior á outra en máis de 13,33 puntos porcentuais.


De resultados do indicado, xúntase táboa coa puntuación para cada unha das empresas, como segue (*volcado directo da aplicación*):

Contrato/concurso: SERVICIO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS E LOCAIS MUNICIPAIS

Prezo de licitación: 173907,87 €

Límite oferta temeraria: 147.792,15 €

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	ACCIONA FACILITY SERVICES S.A.	170522,84	1,95	0,00	0,91	Non	0,91
2	CLN SERVICIOS INTEGRALES S.L.	160295,08	7,83	0,00	3,65	Non	3,65



A oferta media da totalidade das achegadas ó presente concurso é de **165.408.96 €** o que supón unha baixa media referida ó presuposto de licitación do **4,887 %**

O límite para as ofertas consideradas desproporcionadas ou anormais, en base ó total das ofertas achegadas é de **147.792,15 €** (*que supón unha baixa do 15,01% respecto do presuposto de licitación*) Consonte elo, ningunha das ofertas achegadas debe ser considerada desproporcionada ou anormalmente baixa.

De resultas do indicado, a proposta achegada por **CLN SERVICIOS INTEGRALES S.L.** resulta a mellor valorada en base á oferta económica presentada, acadando unha puntuación de **3,65 PUNTOS**, e **que non incurre no suposto no suposto de oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.**

O que se informa, ós efectos oportunos.

Visto el anterior informe y de conformidad con lo previsto el artículo 150 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP), la Mesa de Contratación, por unanimidad, acuerda:

1º.- Clasificar las proposiciones presentadas por orden decreciente de las puntuaciones obtenidas, según la relación que se recoge en el siguiente cuadro:

Nº. de Orden	LICITADOR	PUNTOS
1	CLN SERVICIOS INTEGRALES S.L.	3,65
2	ACCIONA FACILITY SERVICES S.A.	0,91

2º.- Proponer la adjudicación del contrato a favor de CLN SERVICIOS INTEGRALES S.L., por ser el candidato con mejor puntuación.

3º.- Trasladar esta propuesta al órgano de contratación”.

VOTACIÓN: Visto o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de data 15 de outubro de 2018, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO, e 2 abstencións dos Sres. concelleiros de MOVENEDA, acorda:

1º.- Aprobar a proposta de adxudicación que formula a Mesa de contratación a favor da entidade CLN SERVICIOS INTEGRALES S.L.,.

2º.- Requerir ao citado licitador para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se aportase con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 del citado artigo; de dispoñer efectivamente de los medios que

houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 76.2; e ter constituído a garantía definitiva por importe de 16.029,51 € (5% do importe de adxudicación correspondente a dous anos de prestación do servizo, que é o que inicialmente se adxudica, en defecto de previsión expresa nos pregos, en sen prexuízo dun eventual reaxuste en caso de prórrogas), por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP.

3º.- Informar ao licitador que de non cumprimentarse adecuadamente el requirimento no prazo sinalado, entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

4º.- De conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público, e co artigo 22 da Lei de bases de Réxime Local, deléganse na Xunta de Goberno Local os trámites subseguintes deste expediente de contratación.

DEBATE: O Sr. Pita Galego fai constar en explicación de voto, que a abstención do seu grupo municipal ten por causa a non inclusión no expediente de contratación dos criterios sociais e medioambientais, que propuxeran a través dunha moción non admitida para a súa elevación ao Pleno de trinta de xullo pasado.

4º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Pleno coñece do expediente que se segue para a adxudicación deste contrato mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada por razón da contía, regulándose polo prego de prescricións técnicas e polo prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por este órgano municipal en sesión celebrada o día 30/07/2018.

Figuran no expediente as actas das sesións celebradas pola Mesa de Contratación, en concreto as correspondentes aos días: 17/09/18 (apertura da documentación administrativa, 19/09/18 (apertura das ofertas económicas) e 09/10/18, na que se propón a adxudicación do contrato e na que consta o seguinte:

“Este órgano, en sesión celebrada el día 17/09/18, procedió a la apertura de los sobres electrónicos accediendo, desde el ordenador del servicio de contratación, al perfil de contratante que esta entidad local tiene alojado en la Plataforma de Contratos del Sector Público y, una vez examinada la documentación administrativa, acordó admitir las 3 ofertas presentadas.

Esta Mesa, en sesión celebrada el día 19/09/18, en acto público, procedió a la apertura de los sobres electrónicos presentados por las tres empresas que participan en este procedimiento de adjudicación y acordó trasladarlas a informe de valoración de los Servicios Técnicos del Ayuntamiento, así como la publicación de las mismas en el perfil del contratante de esta entidad local.

Conoce seguidamente la Mesa del informe de valoración de ofertas que seguidamente se transcribe, emitido el día 04/10/18 por el Arquitecto municipal:

ASUNTO: Informe dos SS.TT. Municipais referido a AVALIACION DAS OFERTAS ECONOMICAS para a contratación do SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA

Data: 3/Outubro/2018

En resposta á solicitude formulada, vista a documentación que se achega coa mesma, o Arquitecto Municipal que subscribe emite o seguinte:

INFORME:

Achéganse as propostas das empresas participantes no procedemento aberto cun único criterio de valoración *-factor prezo-* e cun tipo máximo de licitación, antes de impostos, de 3.672.360,00 € para un prazo de execución de 5 anos, **cun prezo de licitación de hora ordinaria de 13,50 € e de hora extraordinaria ou festiva de 14,00 €** ámbolos dous casos excluído o IVE.

O prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación, mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación, factor precio, indica:

10.- Fórmula de valoración do precio:

O prezo/hora ofertado en concepto de horas ordinarias, ponderará un 92% do total da puntuación da oferta económica; o prezo/hora ofertado en concepto de horas extraordinarias, ponderará un 8% do total da puntuación da oferta económica. Deste xeito, o prezo/hora ponderado que se tomará en conta para valorar a mellor oferta económica (único de factor de valoración) obterase con aplicación da seguinte fórmula, que responde aos anteriores coeficientes de ponderación: $PREZO/HORA \text{ ORDINARIA} \times 0,92 + PREZO/HORA \text{ EXTRAORDINARIA} \times 0,08$

O prezo máximo de licitación, en aplicación da fórmula de ponderación do prego:

$$(13,50 \times 0,92) + (14,00 \times 0,08) = \underline{13,540 \text{ €}}$$

O procedemento achegáronse as ofertas económicas que se indican de seguido, ponderadas polo que subscribe consonte a formula indicada no apartado 10º do prego de cláusulas administrativas particulares:

	HORA	HORA	PREZO
--	------	------	-------

	ORD.	EXTR.	PONDERADO
ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.	13,38	13,88	13,420
OPTIMA FACILITY SERVICES S.L.	13,11	13,11*	13,110
SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.	13,03	13,51	13,068

**A empresa Óptima Facility Services tan so achega un prezo, entendéndose que se trata do prezo xa ponderado consonte os coeficientes indicados no prego*

Segundo a acta da mesa de contratación, ningunha das empresas concorren vencelladas

CALCULO DO VALOR DA BAIXA DESPROPORCIONADA OU ANORMAL e PUNTUACION.

A determinación das empresas que incorren en situación de baixa desproporcionada ou anormal e da puntuación asignada a cada unha das ofertas económicas obtívose da aplicación do programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación da Coruña, puntuando (*para este caso concreto*) sobre un máximo de 10,00 puntos a mellora da oferta económica sobre do tipo máximo de licitación.

A tal efecto, e para o caso que nos ocupa (3 ofertas) considerarase que as ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores ao 16,67%.


De resultados do indicado, xúntase táboa coa puntuación para cada unha das empresas, como segue (*volcado directo da aplicación*):

Contrato/concurso: SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO

Prezo de licitación: 13,540 €

Límite oferta temeraria: 11,28 €

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.	13,420	0,89	0,00	0,42	Non	0,42
2	OPTIMA FACILITY SERVICES S.L.	13,110	3,18	0,00	1,48	Non	1,48
3	SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.	13,068	3,49	0,00	1,63	Non	1,63



A oferta media da totalidade das achegadas ó presente concurso é de **13,199 €/hora ponderada**, o que supón unha baixa media referida ó presuposto de licitación do **2,515 %**

O límite para as ofertas consideradas desproporcionadas ou anormais, en base ó total das ofertas achegadas é de **11,280 €/ hora ponderada**. Consonte elo, ningunha das ofertas achegadas debe ser considerada desproporcionada ou anormalmente baixa.

De resultas do indicado, a proposta achegada por **SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.** resulta a mellor valorada en base á oferta económica presentada, acadando unha puntuación de **1,63 PUNTOS**, e que non incurre no suposto de oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

O que se informa, ós efectos oportunos

Visto el anterior informe y de conformidad con lo previsto el artículo 150 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP); la Mesa de Contratación, por unanimidad, acuerda:

1º.- Clasificar las proposiciones presentadas por orden decreciente de las puntuaciones obtenidas, según la relación que se recoge en el siguiente cuadro:

Nº. Orde	LICITADOR	PUNTOS
1	SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.	1,63
2	OPTIMA FACILITY SERVICES S.L.	1,48
3	ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.	0,42

- 2º.- Proponer la adjudicación del contrato a favor de SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L., por ser el candidato con mejor puntuación.
- 3º.- Trasladar esta propuesta al órgano de contratación.”

VOTACIÓN: Visto o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de data 15 de outubro de 2018, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO, e 2 abstencións dos Sres. concelleiros de MOVENEDA, acorda:

1º.- Aprobar a proposta de adxudicación que formula a Mesa de contratación a favor da entidade SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR S.L..

2º.- Requerir ao citado licitador para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se aportase con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 del citado artigo; de dispoñer efectivamente de los medios que houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 76.2; e ter constituído a garantía definitiva por importe de 192.099,60 € en aplicación do previsto na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexe esta contratación, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP.

3º.- Informar ó licitador que de non cumprimentarse adecuadamente el requirimento no prazo sinalado, entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

4º.- De conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público, e co artigo 22 da Lei de bases de Réxime Local, deléganse na Xunta de Goberno Local os trámites subseguintes deste expediente de contratación.

DEBATE: O Sr. Pita Galego fai constar en explicación de voto, os mesmos argumentos expostos no anterior punto da orde do día.

5º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL DE NEDA

O Pleno da Corporación coñece do ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte tenor literal:

“Tendo en conta o previsto no artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público da Escola Infantil Municipal, no que se regula a contía do prezo público, e que ven a establecer que as tarifas incluídas nesta ordenanza serán revisables anualmente conforme a lexislación vixente.

Considerando tamén o previsto no prego de cláusulas administrativas que rexiu para a contratación da xestión do servizo da escola infantil municipal de Neda, e segundo o cal as tarifas revisaranse anualmente ao comezo de cada curso de acordo co índice de prezos ao consumo (IPC),

Visto que a evolución do IPC dende setembro 2017 ata agosto 2018 ao considerar o mes de setembro como o de comezo do curso foi do 2%,

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil municipal de Neda, de xeito tal que o cadro de prezos queda do seguinte xeito:

Concepto	Cota
Matrícula (anual)	51,00 €
Mensualidade a xornada completa (8 horas)	201,96 €
Mensualidade a media xornada (4 horas)	120,36 €
Xornada de 2 horas de tarde	61,20 €
Hora complementaria (prezo mensual)	22,44 €
Hora extraordinaria (prezo diario)	4,08 €
Comedor mensual: Almorzo	25,50 €
Comedor mensual: Xantar	89,76 €
Comedor mensual: Merenda	28,56 €
Servizo de comedor en día solto	5,05 €

Segundo: De acordo co previsto no artigo 17 do TRLRFL esta anuncio de aprobación provisional sométase a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP, taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a contar dende a inserción no BOP, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: De non presentarse reclamacións este anuncio provisional entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, entrando en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da modificación aprobada no BOP”.

Asimesmo, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno coñece da seguinte proposta complementaria da anterior, da Alcaldía-Presidencia:

“Tendo en conta o previsto no artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público da Escola Infantil Municipal, no que se regula a contía do prezo público, e que ven a establecer que as tarifas incluídas nesta ordenanza serán revisables anualmente conforme a lexislación vixente.

Considerando tamén o previsto no prego de cláusulas administrativas que rexiu para a contratación da xestión do servizo da escola infantil municipal de Neda, e segundo o cal as tarifas revisaranse anualmente ao comezo de cada curso de acordo co índice de prezos ao consumo (IPC),

En aplicación da eficiencia e axilidade necesaria para a actualización de tarifas de cara a vindeiros exercicios, propónse delegar a actualización de tarifas na Xunta de Goberno Local, por estar ante prezos públicos que cumpren os requisitos previstos na normativa (artigo 47 TRLRFL) en canto á posibilidade de que o Pleno delegue na Xunta de Goberno o establecemento ou modificación de aqueles prezos que non teñan a natureza de prestacións patrimoniais de carácter público, é dicir, aqueles que se esixen por servizos ou actividades que non resultan indispensables para a vida persoal ou social dos particulares, cuxa solicitude ou prestación é voluntaria e que son susceptibles de ser prestados ou realizados polo sector privado.

En base ao anterior, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local actualización de tarifas da Escola Infantil Municipal de Neda, por estar ante prezos públicos que cumpren os requisitos previstos na normativa para elo (artigo 47 TRLRFL)”.

VOTACIÓN: A vista do mesmo, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO, e 2 abstencións dos Sres. concelleiros de MOVENEDA, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil municipal de Neda, quedando o cadro de prezos do seguinte xeito:

Concepto	Cota
Matrícula (anual)	51,00 €
Mensualidade a xornada completa (8 horas)	201,96 €
Mensualidade a media xornada (4 horas)	120,36 €
Xornada de 2 horas de tarde	61,20 €

Hora complementaria (prezo mensual)	22,44 €
Hora extraordinaria (prezo diario)	4,08 €
Comedor mensual: Almorzo	25,50 €
Comedor mensual: Xantar	89,76 €
Comedor mensual: Merenda	28,56 €
Servizo de comedor en día solto	5,05 €

Segundo: De acordo co previsto no artigo 17 do TRLRFL, someter esta aprobación provisional a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP e n o taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a contar dende a inserción no BOP, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: De non presentarse reclamacións este anuncio provisional entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, entrando en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da modificación aprobada no BOP.

Cuarto: Delegar na Xunta de Goberno Local a actualización de tarifas da Escola Infantil Municipal de Neda, por estar ante prezos públicos que cumpren os requisitos previstos na normativa de aplicación (artigo 47 TRLRFL).

DEBATE: Sr. Pita Galego: ao establecer as bonificacións das matrículas para a escola infantil se fixeron tres tramos, e despois houbo que facer unha interpretación da normativa aprobada a través dun acordo da Xunta de Goberno Local; solicitamos que agora se corrixa a ordenanza fiscal para deixar claro cales son as bonificacións aplicables sobre os prezos públicos establecidos.

Sr. Alcalde: nos comprometemos a traballar sobre iso, na concellería de servizos sociais, e na Comisión Informativa de servizos sociais.

6º.- ESTABLECIMENTO DE DOUS DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2019

Vista a comunicación efectuada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en orde á determinación de dous días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable neste termo municipal de Neda para o ano 2019, vista a proposta da Alcaldía-Presidencia, e o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno emitido en sesión ordinaria de 15 de outubro de 2018, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (11), acorda:

Primeiro: propoñer como días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable do exercicio 2019 os seguintes:

- **Martes de carnaval (5 de marzo)**
- **9 de setembro**

Polo Sr. Alcalde se explica que a proposta da Comisión Informativa relativa ao día 9 de setembro, se realiza en substitución do día 8 de setembro (Santa María de Neda), data tradicionalmente festiva na localidade, e que se cambia para o día 9 de setembro por coincidir aquela en domingo no ano 2019.

Pola súa parte, o martes de carnaval se propón de común acordo coa maioría de Concellos da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol.

7º.- MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO BNG (PERTENCENTE AO GRUPO MIXTO) EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAR A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS

A concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

“O grupo municipal do BNG de Neda, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesma maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha

actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é '*igual para todos*' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Neda acorda:

1. **Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.**
2. **Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.**
3. **Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.**
4. **Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.**
5. **Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña”.**

DEBATE: Sra. Pena Barcia: estamos de acordo.

Sr. Cabezón Lorenzo: tamén estamos de acordo.

Sr. Caaveiro Puentes: nós tamén estamos de acordo coa moción.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade de asistentes (11), presta aprobación á transcrita moción, quedando convertida en acordo.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8, “REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL”

O portavoz do grupo municipal, Sr. Pita Galego, defende a moción do seguinte tenor literal:

“D. Juan Carlos Pita Galego e D. Carlos Caaveiro Puentes concelleir@s do *Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA*, o primeiro actuando como Voceiro do *Grupo Municipal Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA* do Concello de Neda, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento

de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a "Modificación de ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral" baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas de subministración de enerxía eléctrica, gas, auga ou hidrocarburos pagan unha taxa pola explotación que fan do servizo a través da ordenanza reguladora da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo. Segundo esta ordenanza están obrigadas a pagar o 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal.

Con todo, á vista das sentenzas 36/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais 2726/2016 do Tribunal Supremo (entre outras relacionadas) este Concello pode impoñer un tributo por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local motivado sobre un informe económico-financeiro co fin de que estas subministradoras contribúan ao erario público e a Corporación poida exercer a potestade recadatoria municipal.

De feito, o estudo económico-financeiro baseado no informe do SAI da Federación Española de Municipios e Provincias cifra o feito imponible no 5% do valor do aproveitamento sobre unhas táboas que concretan o metro lineal de afección a dominio público municipal. O Supremo estima as tarifas por metro lineal segundo o tipo de tensión, baixa, media ou alta e o tipo de distribución das gasísticas ou empresas de abastecemento, e gravan con entre 2,92 e 12,35 euros cada metro de liña de alta tensión -máis de 66 quilovattios- e aplican un abano de 0,56 a 3,04 para as de media e baixa. Os cálculos que se están a facer a nivel de Estado sinalan unha expectativa para os municipios de ingresar un mínimo de 305,6 millóns anuais pola alta tensión e 477,7 pola media e a baixa, cando Endesa, Iberdrola e Gas Natural en 2015 tiveron 5.000 millóns de euros de beneficios.

Dadas as características do noso concello como zona de paso cara a Narón e Ferrol, no termo municipal hai quilómetros destas redes que dan servizo tanto a Neda como a parte de Ferrolterra polo que se trata dunha medida fiscal cunha repercusión económica salientable. Somos conscientes que levar a cabo o inventario de redes de distribución afectadas esixirá un traballo de campo intenso e complexo para os técnicos municipais porque, antes de nada, habería que cuantificar oficialmente as redes de distribución pero consideramos que esta oportunidade de acadar unha fiscalidade máis eficiente, xusta e equitativa para todo o tecido social non se pode pasar por alto.

É por iso que propoñemos modificar a ordenanza existente para regular esta materia, aplicar o marco legal vixente e desenvolvela de forma específica, establecendo un marco tarifario igual ou similar ao Anexo que regula este punto na Ordenanza Fiscal núm. 27 do Concello de Arteixo

Por todo isto, o Pleno **ACORDA**

Abrir e tramitar en 2017, respectando os prazos legais, o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral tendo en conta as sentenzas xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Tribunal Supremo."

DEBATE: Sra. Pena Barcia: nada cambiou dende que se presentou esta moción por primeira vez no Pleno do mes de marzo de 2017, de forma tal que, aínda que estaríamos encantados de poder cobrarlle este tributo ás empresas suministradoras, tamén temos que dicir que aínda non hai xurisprudencia sobre a materia, e por iso consideramos que temos que esperar a que exista unha xurisprudencia firme sobre esta materia, xa que o noso Concello non pode abordar economicamente un posible pleito con custos que acarrearía. Cando se teñan garantías xurídicas, modificaremos esta ordenanza fiscal.

Sr. Cabezón Lorenzo: totalmente de acordo, primeiro que se xenere xurisprudencia sobre a materia.

Sr. Pita Galego: algúns Concellos pequenos de Castela e de Cantabria xa están aplicando este tipo de ordenanzas fiscais, incluso no noso entorno a aplican Arteixo e Narón, así que é momento de atuar no noso Concello con valentía.

Sra. Bouza Bellón: estamos totalmente de acordo co fondo da moción, pero hai que modificar a ordenanza con todas as garantías xurídicas.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 2 votos a favor da aprobación da mesma dos Sres. concelleiros de MOVENEDA, e 9 votos en contra dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP, e GRUPO MIXTO.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVENEDA PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS E DO ESTADO DO BENESTAR

O portavoz do grupo municipal, Sr. Pita Galego, defende a moción do seguinte tenor literal:

D. Juan Carlos Pita Galego concelleiro do Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA e integrante do Grupo Municipal MOVENEDA do Concello de Neda, actuando como voceiro do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte MOCIÓN relativa á

Moción para a defensa do sistema público de pensións e do estado do benestar

a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma baseándose na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos, ven producíndose un deterioro do Sistema Público de Pensións coa conseguinte perda de poder adquisitivo. Isto creou unha situación de alama social polo perigo que corre un dos piares fundamentais de nosa sociedade que, debemos lembrar, representa un dereito como conquista democrática.

Consideramos necesarias as reivindicacións e mobilizacións sociais co fin de blindar constitucionalmente e protexer o Sistema Público de Pensións Públicas como un dereito vertebral do Estado de Benestar social no marco das institucións democráticas.

As mobilizacións do pasado 17 de Marzo marcaron un importante fito reivindicativo en todas as vilas e cidades cheas de persoas maiores que durante máis de 40 anos traballaron e mantiveron con dificultades o rumbo económico e socio-político deste país.

Consideramos que as últimas medidas aprobadas nos orzamentos do Estado, que paralizan as propostas iniciais do Goberno de M. Rajoy e a súa reforma unilateral do

sistema de pensións no 2013, son insuficientes

EN RESUMO

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal MOVENEDA – Movemento Veciñal de Neda prantexa para debate e votación os seguintes acordos:

- Acatar a Carta Magna actualizando o poder adquisitivo das Pensións públicas e manifestando o noso rexeitamento de privatización.
- Suba das pensións mínimas do 8%, porcentaxe idéntica á que subiu en 2017 o SMI, co idea de avanzar na xustiza e equidade social a unha pensión mínima de 1.080 € que garanta a vida con dignidade, segundo os criterios que establece a Carta Social Europea.
- Incrementar un 8% das Pensións NON CONTRIBUTIVAS e Subsidios para maiores de 52 e 55 anos.
- Incrementar todas as pensións nunha porcentaxe igual ou superior do IPC, comezando polo 1,9% perdido no ano 2012.
- Manter e mellorar o Sistema da Seguridade Social no actual modelo e, no caso de necesidade, recorrer ós Presupostos Xerais do Estado.
- Rexeitamos os intentos de privatización das Pensións e Servizos Públicos, de maneira especial os que afectan ás persoas maiores. Por iso esiximos a eliminación das desgravacións fiscais para os Plans de Pensións Privados.
- Opoñémonos tamén rotundamente a calquera directiva europea que poida ser imposta aos membros da Unión Europea para favorecer a constitución de planos de fondos privados como o PIPP.
- Melloras nas Políticas sociais e socio-sanitarias públicas.
- Implantación dunha RENDA BÁSICA para as persoas en risco de exclusión social
- Eliminación dos COPAGOS sanitarios.
- Participación de representantes das Plataformas de Defensa das Pensións nas Mesas das Pensións Públicas.
- Rexeitamos as reformas laborais dos anos 2011 e 2013 porque foron enormemente lesivas para a clase traballadora e os pensionistas. Por iso esiximos a súa inmediata derogación e o restablecemento da xubilación ós 65 anos.
- Esiximos a non entrada en vigor do factor de sustentabilidade prevista para o vindeiro ano, e que vincula a contía da pensión á esperanza de vida do pensionista.
- Esiximos a eliminación dos topes das bases de cotización para incrementar os ingresos do sistema e a xubilación con menos de 65 anos sen penalizacións con coeficientes reductores para as cotizacións de máis de 40 anos.
- Que se publique bando oficial do concello informando desta moción, que asimesmo se dirixa comunicación da aprobación e o contido desta moción a:
 - Goberno do Estado Español,

- Grupos Políticos do Congreso dos Deputados
- Goberno Autonómico de Galicia
- Grupos Políticos do Parlamento Autonómico de Galicia
- Grupos Políticos do Parlamento Europeo
- Defensor del Pueblo de España
- Defensor do Pobo de Galicia.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: votaremos en contra, porque esta moción aprobouse no Pleno de 9 de abril deste propio ano, presentada por parte do grupo municipal do PSOE, e aceptadas emendas do grupo municipal de MOVENEDA e da concelleira do BNG. Estamos a favor de todas as melloras no sistema público de pensións, pero non podemos traer unha moción ao Pleno sobre este tema cada tres meses, e menos neste intre no que se está traballando no Pacto de Toledo para buscar melloras no sistema, o que fai a moción extemporánea. En canto á parte da moción que alude ao estado do benestar, nos alegra ver que MOVENEDA se faga eco do programa económico e social do PSOE, o cal parece normal, xa que ao tratarse MOVENEDA dunha agrupación veciñal, e non dun partido, carece de programa económico e social.

Sr. Cabezón Lorenzo: o sistema público de pensións é mellorable porque o goberno de Zapatero deixou ao país na ruína. A partir desta premisa deixemos traballar e falar ao Pacto de Toledo.

Sra. Bouza Bellón: en abril aprobamos esta moción todos os grupos municipal excepto o PP. O BNG está a favor de todas as melloras no sistema público de pensión, e por tanto está a favor desta moción.

Sr. Pita Galego: teño que matizar que esta moción non é idéntica á aprobada por este Pleno na sesión ordinaria de abril deste ano, senón que contén novas reivindicacións de melloras.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 3 votos a favor da aprobación da mesma dos Sres. concelleiros de MOVENEDA e BNG, e 9 votos en contra dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e CG.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MOVENEDA PARA QUE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE NEDA INCLÚA CRITERIOS SOCIAIS E MEDIOAMBIENTAIS

O portavoz do grupo municipal, Sr. Pita Galego, defende a moción do seguinte tenor literal:

D. Juan Carlos Pita Galego, concelleiro do Movemento Veciñal de Neda – MOVENEDA e integrante do Grupo Municipal MOVENEDA do Concello de Neda, actuando como voceiro do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte

MOCIÓN PARA QUE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE NEDA INCLUIA CRITERIOS SOCIAIS E MEDIOAMBIENTAIS.

a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma baseándose na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contratación pública é un dos principais mecanismos cos que contan as administracións públicas para conseguir o benestar dos cidadáns; é un dos motores da cohesión social, a redistribución da riqueza, a igualdade e a xustiza. Lamentablemente, ata o de agora, a contratación pública está chea de procesos licitadores tendenciosos que en moitas ocasións serven para financiación ilegal de partidos políticos. Así, a maioría das empresas contratadas o son polo mero feito de ser as que presentan as proposicións económicas máis vantaxosas para a administración, independentemente da precariedade laboral na que manteñen aos seus traballadores e traballadoras, tanto a nivel salarial como de seguridade e estabilidade no emprego.

A situación que se da nestes últimos anos en que se incrementou notablemente o paro xuvenil, a situación laboral precaria das mulleres, o empeoramento das condicións laborais e o grande número de parados de longa duración, debería obrigar á Administración a adoptar un papel exemplificante en canto á promoción de emprego entre os máis necesitados e ao control das situacións laborais nas que se atopan.

Temos que asumir, polo tanto, que o criterio do prezo máis baixo, non debe ser exclusivamente o único determinante na elección da empresa que debe ser contratada pola administración, xa que existen outros criterios de valoración que poden ser utilizados de cara a impedir, en certa medida, a precarización das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Ata o de agora, a administración miraba para outro lado cando era consciente da existencia de empresas contratadas por ela, que sometían a tratos denigrantes, e condicións laborais precarias aos traballadores e traballadoras. É tempo de acabar con esta situación e poñer os pasos necesarios para que a administración pública asuma a súa obriga de garantir unhas condicións de vida dignas para a cidadanía, e ditas condicións dependen, en grande medida, das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que desempeñan o seu traballo para a administración, xa sexa de forma directa ou indirecta.

A entrada en vigor en marzo de 2018 da lei 9/2017 de contratación do sector público, ofrece unha oportunidade única as administracións públicas e en particular as administracións locais, para emprender unha nova forma de contratación máis transparente, rigorosa e xusta, xa que dota dos mecanismos necesarios para realizar contratos baseados en criterios sociais e ambientais obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia e igualdade.

Por outra banda, a nova lei de contratos deixa unha marxe aberta en canto ás condicións especiais na execución dos contratos (condicións de carácter económico, relacionadas coa

innovación, de tipo ambiental e de tipo social). A propia lei establece no artigo 202 que os Pregos de cláusulas administrativas particulares deben contemplar como mínimo unha das catro condicións especiais de execución.

Este é o momento, e polo tanto unha oportunidade única para que o concello abandone o cumprimento de mínimos e se deixe levar pola ambición en busca da excelencia da xestión e o exemplo social, e en vez e contemplar unha única condición especial, contemple, nos seus pregos, os aspectos sociais e ambientais.

Por último, co fin de evitar a contratación de empresas que presentan proposicións economicamente temerarias, cabe establecer nos pregos de cláusulas, tal e como indica a lei no artigo 149, os parámetros obxectivos para a determinación de ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal – MOVENEDA – Movemento Veciñal de Neda plantexa para debate e votación os seguintes acordos:

Encargar aos servizos técnicos municipais o estudo e redacción antes dun mes, de novos criterios para incorporar aos pregos de cláusulas de contratación do concello, que inclúan por un lado, **criterios de valoración das proposicións** presentadas polos licitadores, de tipo social, medioambiental, laboral, de igualdade, lingüística e ético, e por outra banda que inclúan **condicións especiais de execución** (artigo 202) que permitan controlar a execución do contrato no mesmo sentido, establecendo as consecuencias do seu incumprimento. Todo elo coa finalidade de asegurar nos contratos públicos unhas condicións medioambientais axeitadas, o cumprimento da lexislación laboral, a defensa da lingua e cultura galegas e a inserción laboral dos colectivos desfavorecidos. Así mesmo propónse a inclusión dun **criterio obxectivo para determinar ofertas incursas en presunción de anormalidade**.

A proposta de inclusión de criterios de valoración das proposicións e de condicións especiais de execución nos pregos de cláusulas é a seguinte:

1. **Criterios Cualitativos non valorables con fórmulas**, que deben ser valorados no proceso de licitación:
 - a) Condicións de emprego. Valoraránse positivamente ás empresas ofertantes que inclúan:
 - Maioría de contratos fixos sobre temporais na plantilla que se vaia a destinar as labores do Concello.
 - Maioría de contratos a tempo completo sobre tempo parcial na plantilla que se vaia a destinar as labores do concello.
 - Política de non realización de horas extraordinarias.
 - Non contratación a través de ETT
 - Prohibición de contratar a aquelas empresas que tiveran despidos improcedentes no último ano.
 - Adopción de políticas de conciliación familiar.

- b) Criterios de inserción socio laboral dirixidas a promover o emprego de persoas con dificultades de inserción no mercado laboral, de colectivos desfavorecidos, con diversidade funcional ou inmigrantes.
- Preferencia de inclusión de parados de longa duración e maiores de 45 anos.
 - Preferencia de inclusión de traballadores con diversidade funcional
 - Preferencia de inclusión de colectivos desfavorecidos e inmigrantes.
 - Preferencia de inclusión de traballadores demandantes de primeiro emprego.
- c) Criterios de política de xénero.
- Valorarase que a porcentaxe de homes e mulleres en plantilla ronde o 50 % ou incluso superior presenza de mulleres.
 - Valorarase a implantación de protocolos de igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero.
 - Valorarase o cumprimento da igualdade na remuneración: mesmo posto de traballo, mesmo salario.
- d) Criterios medioambientais dirixidos á protección ambiental e a sostenibilidade de acordo coas definicións e principios regulados nos artigos 3 e 4 da Lei 16/2002, de 1 de xullo de prevención e control integrados da contaminación.
- e) Criterios de cumprimento da lei de normalización lingüística para garantir os dereitos lingüísticos da veciñanza e a todas as resolucións adoptadas pola Xunta de Galicia o Concello e Neda, en relación á normalización do uso do galego na administración que estean en vigor.
- Valorarase a implantación na empresa de procedementos de normalización lingüística.
 - Valorarase a certificación da competencia lingüística da plantilla, moi especialmente daqueles traballadores que vaian a realizar funcións de cara ao público.
- f) En referencia á contratación de obras, subministros o servizos, débense introducir criterios éticos relativos ao cumprimento de convencións internacionais e estándares sobre as condicións laborais dignas, salarios mínimos, dereitos dos traballadores, loita contra o traballo infantil, etc., así como compras de produtos que aposten por criterios ou estándares máis esixentes como os de comercio xusto (de aplicación especialmente en subministro de alimentos ou produtos téxtiles).

Estes criterios valoraranse coa porcentaxe máxima que permita a lei, sobre a puntuación total.

2. **Condicións de execución do contrato:** Se incorporarán dentro do prego de cláusulas as seguintes condicións de execución do contrato, establecendo que o seu incumprimento será causa de resolución do contrato ou imposición de penalidades marcadas pola lei, por ter consideración de obrigaón esencial do contrato:

- a) Constatación de incumplimento da lexislación laboral e de convenios colectivos aplicables aos traballadores que desempeñen a súa labor para o Concello de Neda (incumplimentos en canto a remuneracións, condicións, seguridade no traballo, dereitos, despidos improcedentes...). A estes efectos, a empresa contratada deberá subministrar os nomes do persoal responsable da execución da prestación obxecto do contrato, así como o horario de traballo e a remuneración mensual, non podendo rebaixar dito salario sen razóns xustificadas e sen contar coa aprobación da Administración.
- b) Constatación do incumplimento de calquera dos criterios que foron valorados e acreditados polo adxudicatario, na fase de valoración das ofertas.

E por último, co obxecto de conseguir unha maior calidade na prestación dos servizos contratados, non baseados unicamente no criterio económico, se indicará no prego de cláusulas os parámetros obxectivos que permitan identificar unha oferta incurso en presunción de anormalidade (art.149.2), polo que propoñemos que se estableza un criterio obxectivo máis esixente, si cabe, que o utilizado na actualidade, co fin de non asumir riscos innecesarios con empresas de dubidosa fiabilidade.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: a Deputación Provincial da Coruña elabora uns pregos-tipo que nós seguimos, e que xa inclúen criterios sociais e medioambientais na contratación pública, con arreglo a determinacións legais para evitar impugnacións. O control dos contratos xa está en mans do Concello, mediante a inclusión de cláusulas penais de importancia, e incluso mediante a posibilidade de resolución do contrato en caso de incumplimento de obrigas de tipo laboral. Na moción presentada se fala de criterios, pero non se establecen os mecanismos de aplicación, de tal xeito que a moción é incompleta.

Sr. Cabezón Lorenzo: esta moción é unha simple declaración de intencións, e a contratación pública neste Concello nunca tivo impugnacións, o cal indica que as cousas se fixeron e se fan ben.

Sra. Bouza Bellón: utilizamos os pregos-tipo da Deputación da Coruña, e incluso en algúns casos, como os plans provinciais, son obrigatorios. Consideramos que estes pregos-tipo cumpren cos puntos que inclúe a moción presentada, e diremos que algunhas cousas que se propoñen na mesma, poden ser desconformes coa legalidade, como a imposibilidade de contratar traballadores a través de ETT. Pedimos a retirada da moción, e senón o noso voto será de abstención.

Sr. Pita Galego: entendo a crítica do PP porque eles están de acordo coas privatizacións do sector público, pero teño que respostar á concelleira do BNG que ás contratacións de traballadores a través de ETT non se prohiben, senón que se valora positivamente non acudir a ese sistema de contratación.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 2 votos a favor da aprobación da mesma dos Sres.

concelleiros de MOVENEDA, 9 votos en contra da aprobación dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e CG, e 1 abstención da Sra. concelleira do BNG.

Antes de entrar no punto de rogos e preguntas, o Pleno da Corporación municipal, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de 15 de outubro de 2018, acorda por unanimidade aprobar a seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á SINATURA DUN CONVENIO PARA A IMPLANTACIÓN DE SEMENTE PRODUCTIVA NA RÍA DE FERROL E AO MINISTERIO DE FOMENTO E DEMAIS ORGANISMOS RESPONSABLES PARA A SUSTITUCIÓN DAS ESCOLLERAS DA PONTE DAS PÍAS POR PILARES.

As Confrarías de Barallobre e Ferrol presentan a seguinte proposta de moción para todos os partidos políticos ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario e para o seu debate no mesmo, baseada nos seguintes feitos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Ría de Ferrol é un recurso natural e paisaxístico susceptible de aproveitamento primario para o sustento de varias familias nunha economía sostible medioambientalmente, ademais do aproveitamento como recurso turístico incuestionable.

Na actualidade existen aproximadamente cincocentas familias vivindo directamente do marisqueo na Ría de Ferrol, entre as que traballan na Confraría de Ferrol e a de Barallobre. Este colectivo leva loitando por unha ría sustentable ao longo de moitos anos e seguen a facer propostas e suxestións que amplíen a capacidade económica da mesma sempre dunha forma sostible.

Dende fai moito tempo os lodos que se acumulan na Ría de Ferrol, sinaladamente a causa do peche dos condutos de auga na Ponte das Pías, foi pechando os fondos e polo tanto reducindo a capacidade de marisqueo na zona. Ante esta situación as confrarías de Ferrol e Barallobre plantexaron ante a Mancomunidade de Municipios e outras administracións a necesidade de facer diferentes xestións cara a viabilidade de apertura das escolleras da Ponte das Pías e, en todo caso, para a plantación de semente en toda a Ría que posibilite a renovación dos produtos marisqueiros na mesma. En efecto a devandita suxestión foi acollida polos concellos de Mancomunidade así como pola Deputación Provincial de A Coruña onde o Presidente comprometeuse a asinar un Convenio ca Xunta de Galicia ao 50% sempre que a administración competente (Xunta a través da Consellería do Mar) puxera alo menos unha cantidade igual á da

Deputación, órgano sen competencias específicas na materia pero disposta a achegar o seu esforzo conscientes da importancia do marisqueo como sector produtivo.

Solicítase por tanto,

-Implicar a Xunta de Galicia á firma do Convenio ca Deputación para a sementeira de ameixa por importe do 50% do total de 140.000 euros.

-A supresión das escolleras da Ponte das Pías por Pilares para a normal circulación de augas implicando ao Ministerio de Fomento, Autoridade Portuaria de Ferrol- San Cibrao, Xunta de Galicia e outros organismos competentes.

Asimesmo, antes de entrar no punto de rogos e preguntas, ao abeiro do disposto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a proposta da Alcaldía-Presidencia e previa ratificación da urxencia por unanimidade dos asistentes (12), o Pleno coñece do seguinte asunto:

**ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS,
APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTATUTOS E NOMEAMENTO DE
REPRESENTANTES**

Por parte da Alcaldía se expoñen ao Pleno os seguintes antecedentes: este Pleno, en sesión ordinaria de 24 de novembro de 2016, acordou adherirse á referida Asociación de Concellos do Camiño Inglés, aprobar a proposta de Estatutos, e nomear representante; posteriormente, e previo requirimento de subsanación de deficiencias efectuado á Asociación por parte da Vicepresidencia e consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza da Xunta de Galicia, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 27 de novembro de 2017, aprobou unha modificación parcial dos Estatutos aprobados pola Asamblea da Asociación en sesión de 20 de xuño de 2017.

Convocada a presente sesión ordinaria do Pleno, recíbese na Alcaldía correo electrónico do Departamento de Turismo da Deputación Provincial da Coruña, comunicando propostas de cambios nos artigos 24, 25 e 26 dos Estatutos por parte dos Concellos de Fene e Carral, e enviando un novo modelo de Estatutos xa refundido con todos os cambios acaecidos dende a aprobación inicial. Ao tempo, requiren a adopción dun novo acordo plenario.

A vista de canto antecede, a proposta da Alcaldía-Presidencia, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12) acorda:

PRIMEIRO.- Adherirse á “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á proposta de Estatutos, do seguinte tenor literal:

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”

2.- A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Oroso. C/Isaac Diaz Pardo, Sigüeiro 15888, provincia da Coruña, e teléfono 981/691/478.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os

asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

- a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.
- b. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.
- c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
- d. Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- e. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.
- f. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- g. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

- h. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- j. Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.

4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias

- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente

f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade

- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

CAPÍTULO IV

DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.

- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.

- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.- Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo. 25º.- Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
 - Ata 5.000 habitantes
 - De 5.001 a 10.000 habitantes
 - De 10.001 a 30.000 habitantes
 - De 30.001 a 50.000 habitantes
 - De 50.001 a 100.000 habitantes
 - Máis de 100.000 habitantes

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarse por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 - a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
 - b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 - c. Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira-. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

TERCEIRO.- Nomear como representante do Concello na Asociación a D. Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde-Presidente do Concello de Neda, e como suplente a D^a. Cristina Bouza Bellón, Concelleira de Turismo neste Concello de Neda.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **concelleiro de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, quen plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1º.- A primeiros de ano presentamos unha moción relativa a prevención de incendios forestais, e queremos preguntar si xa se fixo o inventario de propietarios.

Sr. Alcalde: se está traballando, pero é un tema moi complexo.

2º.- Por que razón quedou deserto o contrato de limpeza de pistas forestais?

Sr. Alcalde: por falla de licitadores suficientes con arreglo a Lei de subvencións, de aplicación ao tratarse dun convenio coa Consellería de medio rural. Meteremos estes camiños no contrato de limpeza de pistas.

3º.- Como está o plan municipal de defensa contra incendios?

Sr. Alcalde: pedimos axuda á FEGAMP e a Deputación, igual que outros moitos Concellos.

4º.- O día 5 de agosto houbo un pequeno incendio en Anca, e un propietario tiña denunciado con anterioridade a falla de limpeza dunha finca, e non consta que se fixera nada.

Sr. Alcalde: miraremos coa Policía Local.

5º.- A reforestación que se fixo no monte de Ancos, amosa una pequena taxa de supervivencia, así que consideramos que hai que pedirlle a reposición á empresa que o fixo. Ademais hai unha finca grande pendente de limpeza e reforestación.

Sr. Alcalde: estamos de acordo.

6º.- Hai problemas coas ratas no Instituto, e tamén en outros lugares de O Roxal, Belelle...

Sr. Ferreiro Rego: nos avisaron e xa estamos traballando sobre o asunto.

7º.- Hai unha empresa de Ferrol que virte en Trasmonte e en O Puntal.

Sr. Alcalde: estamos intentando localizarlos para tomar medidas.

8º.- Se vai facer campaña da velutina en outono?

Sr. Ferreiro Rego: a faremos en primavera, seguindo as novas recomendacións e directrices dos expertos.

Seguidamente intervén o **portavoz de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Se fixo un despedido disciplinario dun traballador do PEL, e preguntamos si se substituíu por outro traballador.

Sr. Alcalde: abandonou o traballo, e a estas alturas xa non se pode substituir.

2º.- Vemos que o persoal do PEL e do programa de integración da Xunta fan traballos e se siguen pagando traballos similares a empresas externas.

Sr. Alcalde: son traballos diferentes.

3º.- Sigue habendo problemas co saneamento na zona do tren.

Sr. Alcalde: xa temos un proxecto para solucionarlos, que executaremos no marco dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña.

4º.- Sabemos que o POS 2019 se vai dedicar ao asfaltado de pistas, pero nós consideramos que hai outras necesidades tamén importantes, como parques infantís ou eliminación de barreiras arquitectónicas.

Sr. Alcalde: vamos a cambiar os parques infantís con fondos propios, con cargo ao suplemento de créditos aprobado polo Pleno.

5º.- A sinalización viaria está en moi mal estado en moitos puntos, é necesario arranxala.

Sr. Alcalde: o estudaremos.

6º.- Se fixeron xa as barandas de San Nicolás?

Sr. Alcalde: en algúns puntos necesitaban autorización de Portos.

7º.- Con Augas de Galicia, dónde se pretende atuar, tamén no Basteiro?

Sr. Alcalde: si, a partir de xaneiro.

8º.- Hai un policía local que leva de baixa máis de un ano, se vai crear unha praza de segunda actividade?

Sr. Alcalde: si é necesario, esa é a idea.

9º.- Se pensan mancomunar os servizos de Policía Local?

Sr. Alcalde: cos Concellos grandes da comarca si queren, estamos dispostos a estudialo.

10º.- Que horario tivo a Policía Local en verán?

Sr. Alcalde: normalmente de mañán, e cousas puntuais tamén se atenderon polas tardes.

11º.- Presentamos por rexistro unha solicitude para facer un plan de actuación contra os plumeiros da Pampa.

Sra. Balsa Alonso: se necesita autorización de Medio Ambiente.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e quince minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral

